

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Xeografía de España 2º Bach.	Curso / Ciclo	Curso 2023-24
-----------------------------	-------------------------------------	----------------------	----------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- O relevo: O espazo xeográfico español. O relevo peninsular e insular. Evolución xeolóxica. Litoloxía e tipos de modelado. As unidades do relevo español. O litoral.</p> <p>2.- O clima: Factores que condicionan o clima. Os elementos do clima. Tipos de tempo atmosférico. Interpretación dos mapas meteorolóxicos. Tipos de clima. Interpretación de climogramas.</p> <p>3.- As paisaxes naturais: As formacións vexetais. Os grandes dominios bioxeográficos en España. Análise de cliseries de vexetación. As paisaxes naturais. Problemas ambientais derivados da acción antrópica. Política medioambiental.</p> <p>4.- A actividade industrial: As materias primas e as fontes enerxéticas. Produción e consumo enerxético en España. O proceso de industrialización en España. A industria española na actualidade. Os problemas da industria. A política industrial. O sector secundario no ámbito da Unión Europea.</p>
2ª Avaliación	<p>5.- As augas. Os recursos hídricos: Condicionantes dos recursos hídricos. Vertentes e concas fluviais. Os lagos e humedais españois. Os acuíferos. Demandas e uso da auga en España. Interpretación de hidrogramas.</p> <p>6.- A poboación española: Fontes para o estudo da poboación. A distribución espacial. O movemento natural. A evolución demográfica. Movementsos migratorios e crecemento real. Estrutura da poboación. As pirámides de poboación. Problemática actual e perspectivas de futuro. O caso galego.</p> <p>7.- O poboamento e as cidades: Poboamento rural e poboamento urbano. Concepto de cidade e o proceso de urbanización. Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. Os problemas urbanos. A ordenación do espazo urbano. O urbanismo. O sistema urbano español.</p>
3ª Avaliación	<p>8.- As actividades do sector primario: O espazo rural. Os condicionantes naturais e humanos do espazo agrario. As actividades agrarias. As paisaxes agrarias. Os espazos da actividade pesqueira. Os problemas do sector primario. O sector primario e a Unión Europea.</p> <p>9.- As actividades terciarias: A terciarización e os desequilibrios territoriais. Os sistemas de transporte e a organización do territorio. O espazos turísticos.</p> <p>10.- A diversidade rexional española: A organización político-administrativa de España. Os desequilibrios rexionais.</p> <p>11.- A proxección internacional de España: España en Europa. España no mundo.</p>

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	90%	Probas escritas
Traballos	10%	Comentarios de documentos xeográficos seguindo as pautas e o prazo indicados pola profesora

a) Probas escritas:

- **Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso** realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial), que **suporán o 90% da cualificación**. Ditas probas manterán a seguinte **estrutura**: definición de conceptos xeográficos; desenvolvemento dun tema; localización, lectura, interpretación, explicación e análise crítica dun documento gráfico (mapa, imaxe, gráfico...). A isto engadirase, de ser o caso, a realización dalgunha **proba escrita máis breve** que incluírá algúns dos apartados anteriores.

- **Especificarase o valor de cada pregunta**, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, **a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos que a docente ten previamente fixados**.

- Os **contidos mínimos das primeiras avaliacións** poden estar presentes nas seguintes avaliacións.

- A **falta de asistencia a un exame** só poderá xustificarse mediante documentación oficial (informe médico, etc) para ter dereito a facer outro exame coa mesma materia. De non existir o xustificante reglamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) supoñerá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero.

b) Traballos:

- En cada Avaliación valorarase cun **10% da nota a presentación oral e/ou escrita de comentarios de distintos documentos** (mapas temáticos, gráficas, imaxes...). Neste tipo de actividades avaliarase a capacidade de síntese e análise, a comprensión e desenvolvemento das actividades, a calidade, exposición, presentación do traballo... Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa.

- Os alumnos e alumnas de 2º de BAC deben de ter a responsabilidade de cumprir os prazos e as condicións de entrega esixidos pola docente. É importante destacar **que NON se corruxirá** nin se terá en conta para a Avaliación ningún **traballo, exercicio, comentario ou calquera tipo de tarefa que NON se realice e/ou entregue en prazo**.

Criterios de Cualificación:

- A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. A **avaliación estará aprobada cando** a cualificación sexa de **5 puntos ou superior**. No caso de resultar unha **avaliación suspensa** levarase a cabo un **plan de recuperación**, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación".

- A **nota da Avaliación Ordinaria**, calcularase facendo a **media aritmética** entre as **notas globais dos tres trimestres**.

- **O alumnado que acade unha cualificación de 5 puntos ou máis** nesa media aritmética **aprobará a materia**. Os alumnos e alumnas que **non cheguen a esa nota media** terán **outra oportunidade para recuperala**, tal e como se explica no apartado "Criterios de recuperación".

Criterios de Recuperación:

- **Ao longo do curso** a docente facilitará **material de apoio e reforzo ao alumnado que teña unha avaliación suspensa** e estará á súa disposición para as aclaracións e correccións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.

- Os alumnos e alumnas que, tras finalizar as probas da 3ª Avaliación, teñan unha nota media inferior a 5 puntos (media das tres avaliacións parciais) por ter algunha/s avaliación/s suspensa/s terán a oportunidade de facer unha Proba de recuperación de dita/s avaliación/s antes da data fixada por Xefatura para a sesión da Avaliación Final Ordinaria de 2º Bacharelato (mes de maio). Esta proba de recuperación puntuaranse sobre dez e figurará nela o valor de cada pregunta.

- Feita a Proba de recuperación anteriormente mencionada:

a) No caso de aprobar a/s avaliación/s na recuperación, a nota obtida será a que compute para a nota media final da Avaliación Ordinaria.

b) No caso de que a nota da recuperación sexa inferior a 5, utilizarase para a media final a nota máis alta das dúas obtidas.

Avaliación Extraordinaria:

- Os alumnos e alumnas que, tras o proceso de recuperación teñan unha nota media inferior a 5 (media das tres avaliacións parciais), deberán presentarse a unha Proba Extraordinaria no mes de xuño.

- Dende a Avaliación Final Ordinaria de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse actividades de preparación da ABAU para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba, ademais de actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.

- A proba da Convocatoria Extraordinaria celebraranse segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación, que se puntuará sobre dez, será a obtida na Proba obxectiva Extraordinaria e nela empregárase unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.